

Vai para dez anos que en Edicións A Nosa Terra nos marcamos dar resposta á necesidade de dotar a nosa cultura dunha historia non censurada, dunha historia que bebese nas augas limpas das propias fontes documentais.

En todos os proxectos editados ao longo destes anos de Edicións A Nosa Terra subxace un longo traballo de investigación, un duplo esforzo de investigación, pois cando un historiador intenta e consegue ir en contra da corrente da historiografía oficial, sempre tentan de lle por a pauliña da dubidosa veracidade.

Mais a xeración de historiadores de A Nosa Terra, desde a máis rigurosa investigación, foi constituínte do vertebrar dun proxecto de recuperación, de restauración e de posta en valor do noso pasado histórico.

Porque é a única forma de pór en valor o noso presente, só así pode ser entendido o presente dun povo cunha historia fértil e ocultada como a nosa, que inzou de patrimonio cultural a súa xeografía.

Así creamos a *Historia infantil*, un verdadeiro éxito editorial, e no que Anselmo López Carreira participou con varios traballos dándonos unha visión próxima das cidades na idade media, dándonos as claves para entender qué foi a nobreza no noso país, como foi o clero e os monxes, que foron os piratas e os navegantes, quen eran os viquingos que nos visitaban non con moi boas intencións, e así todo un arco iris de publicacións para nenos e para lle ser contadas polos maiores.

Así creamos unha historia en monografías, en volumes monográficos aos que Anselmo aportou un tema fundamental, como é entender a revolución irmandiña. Ou somos editores dunha *Historia da arte galega*, con aportacións de Anselmo López Carreira, ademais de coordinar a parte de medieval, e que con grande esforzo vai vendo a luz.

Por isto podemos afirmar desde A Nosa Terra que quixemos sempre ser parte do destino do noso país, de todos aqueles a quenelles é negado o soño do futuro porque lles é negada a memoria. Conscentes deste proceso de perda de memoria colectiva, iniciamos un proxecto de grande divulgación no que Anselmo aportou unha publicación cunha síntese do Reino de Galiza.

E hoxe, quizais na mesma liña de aquel, nasce esta fermosa publicación que dá rostro e biografía aos reinos da Galiza desde o noso nacemento como territorio con consciencia de identidade, que resgata unha iconografía que xa puxemos nas súas mans cun fermoso póster.

Creo que unha das metas que xa acadou A Nosa Terra dos seus proxectos iniciais foi o de dar á luz a recuperación da historia do Reino de Galiza, que é todo un proceso no que Anselmo está a traballar, que dá este libro e que dará outro que será o libro sobre o Reino de Galiza.

Neste fermoso e necesario proxecto vén participando desde o comezo Anselmo López Carreira: del editamos moitos libros necesarios e agardamos coa súa axuda poder dar moitos máis ao prelo, para ben da nosa saúde histórica, para ben da nosa memoria.

Anselmo López Carreira traballa na actualidade no instituto de Cangas do Morrazo e fixo a súa tese de doutoramento sobre o urbanismo de Ourense na idade media.